1.809 - 2.009

# BICENTENARIO DA BATALLA DE PONTE SAMPAIO



CEIP PONTE SAMPAIO        ALUMNADO : 6º CURSO

# LIMIAR:

- A Guerra da INDEPENDENCIA en GALICIA (1808-1809)
  a) ABSOLUTISTAS
  b) LIBERAIS
- O lugar de PONTE SAMPAIO ANTES da BATALLA.
- DIARIO da BATALLA, de JOSÉ Mª RUIBAL do 6 de xuño de 1809 ó 9 de xuño de 1809
- A LENDA do CAÑÓN de PAO
- Cortegoso, un patriota que RECORDA no 1909 (1º Centenario da Batalla)
- ALEGORÍA da CONSTITUCIÓN de 1978, polos nenos e nenas do 6º curso do CEIP de Ponte Sampaio.

# ANTIGO REINO DE GALICIA




# CON SETE PROVINCIAS

# GUERRA DA INDEPENDENCIA EN GALICIA (1.808 - 1.809)

En este período da historia. Galicia está gobernada por unha XUNTA SUPERIOR DO REINO, que se constitúe na Coruña e asume o poder político e soberano e se encarga de organizar a resistencia contra os franceses, esta xunta presionada polo pobo oriéntase claramente a favor, dun CAMBIO SOCIAL E POLÍTICO.

OS franceses entran en Galicia baixo o mando do XENERAL SOULT, que ven en persecución dos ingleses mandados polo XENERAL MOORE... pouco a pouco ocupan A Coruña, Ferrol, Santiago... Cando Galicia quedo enteiramente dominada polas tropas francesas de NEY, comeza un LEVANTAMENTO POPULAR organízanse PARTIDAS e se pon en práctica unha loita de GUERRILLAS... Hai que destacar as RECONQUISTAS DE VIGO, TUI E A BATALLA DE PONTE SAMPAIO... POLAS TROPAS GALEGAS.

"LA PEPA"



# CONSTITUCION POLITICA

## DE LA MONARQUIA ESPAÑOLA

*Promulgada en Cadiz á 19. de Marzo de 1812.*

**CADIZ**

*en la Imprenta Real año de 1812.*

AS IDEAS LIBERAIS eran revolucionarias, o centro da sociedade pasa a ser o HOME, para garantir os DEREITOS DO HOME, é necesario redactar unha CONSTITUCIÓN ou LEI FUNDAMENTAL que regule os DEREITOS individuais e sociais.

As primeiras foron AS CORTES DE CÁDIZ. Nelas Galiza chegou a ter unha representación de 25 diputados... NA CONSTITUCIÓN DE 1.812. Galicia conta como unha soa provincia con capital en SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Non se sabe moi ben cales foron os motivos que moveron ós campesiños galegos a alzarse masivamente contra os franceses. Pódese dicir que a guerra contra os franceses foi unha GUERRA POPULAR.

O EXÉRCITO PERDEU GALICIA ante as tropas francesas o POBO RECUPERARÍA GALICIA derrotando ós franceses.

# Pontesampaio conmemorará en junio el bicentenario de la batalla contra Napoleón

## Desde el mes de mayo se desarrollarán actos culturales para recordar la contienda de 1809

REDACCIÓN • Pontevedra

La asociación "Héroes de Pontesampaio 1809" con la agrupación "Heroicas Alarmas de Pontesampaio" organizan los actos del bicentenario de la batalla contra las tropas francesas de Napoleón. Estos actos se celebrarán los días 5, 6 y 7 de junio.

A falta de concretar todo el calendario de actos previsto, contará ya desde mayo con exposiciones, conferencias y otros actos culturales, además de la recreación de la batalla que se libró en esta parroquia en 1809.

Los colectivos organizadores cuentan con la colaboración de otras agrupaciones que conmemoran estos acontecimientos y están haciendo gestiones para contar con la participación del Duque de Bragança, heredero de la corona de Portugal, o el conde de Albuquerque, así como la presencia de los embajadores de Francia, Inglaterra, Portugal y Argentina, y los representantes de los ejércitos españoles.



Integrantes del Regimiento de Artillería de 1809 y de las Alarmas de Pontesampaio. / Rafa Vázquez

# ~ AS ALARMAS ~

Convocados polo **CLERO** e os **FIDALGOS** os campesiños organizáronse en **ALARMAS** ou **PARTIDAS**, son estas, grupos guerrilleiros mandados sempre por un fidalgo, un crego ou un militar. O seu obxectivo é **DESGASTAR** ó exército francés con accións pequenas **UN** dos xefes permanece de **RETÉN** vixiando... cando se ve chegar ó inimigo dase a **ALARMA**, Si é de día, tocando as campás a **REBATO**, si é de noite, dase a alarma acendendo **FACHOS DE LUME** no alto dos MONTES e dos **OUTEIROS**, permitindo así dar aviso a tódolos guerrilleiros da bisbarra, os campesiños xúntanse no lugar acordado, e unha vez alí se prepara o ataque **POR SORPRESA**. AS **MULLERES**, tamén as **MONXAS**, participan activamente na elaboración da munición axudando a facer trincheiros e, sobre todo mantendo o gando na casa en ausencia dos homes... OS **GASTOS** desta guerra correron por conta dos fidalgos, o clero e, moitas veces, mesmo sobre os propios campesiños.

"*Franceses, ide para Francia.*
*deixarnos coa nosa lei*
*que en tocante a DIOS y REI*
*á nosa patria e fogares,*
*todos somos militares,*
*e formamos unha grei.*"


O Rei foi elexido por Deus e é un ser superior e só el pode FACER AS LEIS GOBERNAR o PAÍS e XULGAR á XENTE... O REI ten o PODER ABSOLUTO e todos NÓS temos que obedecelo en todo.
NÓS SOMOS ABSOLUTISTAS
ARISTÓCRATAS
FIDALGOS
MILITARES
TERRATENENTES
CONDESAS ENXOIADAS
MISERABLES
bispos

DOUS PUNTOS DE VISTA para explicar a implicación dos labregos na GUERRA DA INDEPENDENCIA.

OS ABSOLUTISTAS ou PARTIDARIOS DO PODER DO REI, din que o pueblo se levantou contra os franceses, para defender Ó REI, Á RELIXIÓN E Á PATRIA, contra as ideas da REVOLUCIÓN FRANCESA, e a recuperación de ESPAÑA, pasaba pola recuperación das TRADICIÓNS ESPAÑOLAS.

OS LIBERAIS dicían que a GUERRA foi en defensa da RELIXIÓN, DO REI E MAIS DA PATRIA, pero sobre todo o pobo esixía unhas CORTES e unha CONSTITUCIÓN... non hai labrador que non saiba que cousa é a soberanía nacional, que España non é de rei, se non dos españois, que por iso mesmo o rei non ven ser, máis que un veciño da nación, á que todos os demáis lle damos a encomenda do GOBERNO DE ESPAÑA... cita GONZÁLEZ SENRA na Gaceta Marcial Nº2. O pobo levantouse para esixir "LIBERDADE, IGUALDADE... e para reformar a VIDA NACIONAL, para fuxir dos IMPOSTOS INSOPORTABLES esixidos polos REFORMA ESTRUCTURAL do PAÍS unha CONSTITUCIÓN unhas CORTES, unhas novas LEIS que eliminen o monopolio de poder que dende

sempre exerceron o clero e a fidalguía.

**OS CAMPESIÑOS** loitan contra os franceses, só para **DEFENDER O SEU** territorio, seu medio de producción. O principio, eles apenas ofrecen resistencia algunha os franceses pero, a medida que estes lles esixen impostos, os perseguen, os intimidan ... eles se defenden sen piedade ... en canto os franceses escapan, os campesiños galegos abandoan a loita.






ILUSTRACIÓN : NEREA GÓMEZ IGLESIAS (11 anos)




ILUSTRACIÓN : JESSYCA, OCAMPO RODRÍGUEZ (11 anos)

- O Lugar de PONTE SAMPAIO ANTES DA BATALLA

No ano 1.806 o Conde de LABORDE "Alexandre Louis Joseph" arqueólogo francés fillo dun importante banqueiro de orixe hispana. Veu a España pouco antes da INVASIÓN FRANCESA e, describe así, as RÍAS e AS VILAS DE PONTEVEDRA.

...O terreo desta vila é un paraíso pola fermosura dos seus ríos. Xardíns, arboredas, hortas, paseos delicosos...

No lugar de Lullo ("Ponte Sampaio") remata o CAMIÑO REAL e atópase alí ó FONDO DA BAÍA DE VIGO que se atravesa ó longo dunha legua para entrar nesta vila.

Vigo, vila construída sobre unha rocha situada nun pequeno golfo, dos máis vastos, profundos e seguros de ESPAÑA.

## 1809, 28 de Febreiro

A loita da PONTE DO BURGO é máis destacable tendo en conta que o XENERAL MARQUES DE LA ROMANA comunica que "A PONTE DE SAMPAIO e o DE PONTEVEDRA parecen interesantes para conseguir a DEFENSIÓN do inimigo, especialmente en atención a que a ría que pasa por esta vila é ACCESIBLE e VADEABLE en MAREA BAIXA sen moitas dificultades e por varios puntos AS. VICTORIAS QUE SEGUIRON RIDICULIZARON ESTAS PREVISIÓNS

1.809 2 de Marzo

O CAMIÑO REAL de Pontevedra a Redondela discurría ata PONTE SAMPAIO por unha magnífica calzada que, mandara construír o ARCEBISPO MALVAR:

Unha PARTIDA FRANCESA, con carruaxes, tiña que facer unha MARCHA, ata Redondela. Saíulle ó encontro unha partida de TIRADORES que, fustigou dende a metade da noite facendo sesenta e catro BAIXAS ós inimigos que tiveron que acampar na vereda do camiño.

Á mañá seguinte proseguiu o ataque que se prolongou ata preto do río Verduxo. Sumáronse unha DECENA DE BAIXAS e un prisioneiro nas tropas NAPOLEÓNICAS.


días: 2, 4 e 6 de Abril-
O mando de Morillo, os NOSOS asalta-
ban no CAMIÑO
REAL ós fran- ceses
que por alí tran-
sitaban... per-
seguíndoos con
FOGO VIVO den-
de PONTE SAM-
PAIO a PA-
DRÓN e se-
mentaban as
estradas de
cadáveres... (Días:
2,4e6 de Abril).
NOSOS HEROES
estaban deseo-
sos de pe- lexar
e acabar co inimigo de acordo có
capitán CACHAMUIÑA e con MORILLO
e a súa xente...
NOSOS HEROES fixéronse fortes en
PONTE SAMPAIO onde venceron
definitivamente ós INIMIGOS
obrigándoos a desaloxar o NOSO
REINO.
Jesús
MORILLO
ILUSTRADO: Jesús Álvarez Puentes

# 1.809, 13 de Abril

Os FRANCESES marchaban en AUXILIO de TUI, onde o exército de SAULT tiña o parque de artillería e se atopaba ASEDIADO por tropas conducidas polo ABADE DE COUTO.

Ó chegar a PONTE SAMPAIO saquearon os hórreos e aproveitáronse dos froitos, pan, viño e millo que recolleran os veciños.

As casas e os hórreos quedaran desamparados porque os veciños fuxiran asustados. Situación que os FRANCESES APROVEITARON para queimar, matar e asolar os lugares por onde pasaban.

Na parroquia de ARCADE os soldados franceses asasinaron ós veciños José PEREIRA, Francisco CASTELLANO, ó seu fillo José CASTELLANO e a Francisco de los REYES, tal como se recolle no libro de DEFUNCIÓNS DA PARROQUIA




ILUSTRACIÓN: JESÚS ÁLVAREZ PUENTES (12 anos)

# 1809, 6 de Xuño

... do DIARIO de JOSÉ Mª RUIBAL

...Chegamos a PONTE SAMPAIO o 6 de XUÑO, estabamos desfalecidos, en sexún despois de camiñar moitos quilómetros á presa e baixo un ardente sol. Pero aínda non podiamos descansar.

A PONTE estaba CORTADA en TRES ARCOS, e mentres se reunían as lanchas para pasala, o Xeneral elixiu posicións na MARXE DEREITA, e esperou ó inimigo. Pero eles tamén estaban moi cansos e pararon no CAMIÑO REAL do 6 ó 7 sen chegar a PONTEVEDRA.

As primeiras lanchas, transportaron a ARTILLERÍA, as MUNICIÓNS a CABALEIRÍA e por último a INFANTERÍA.

As lanchas estaban colocados tocando a proa dunha na popa da anterior e así poidemos pasar TODOS.

Unha vez pasada a PONTE de LANCHAS botámonos a durmir na TERRA.

A altas horas da noite foron distribuídas abundantes racións de PAN, CARNE e VIÑO que trouxeran as lanchas de VIGO e CARROS dende REDONDELA, e outras provisións que chegaron de SEVILLA, mandados pola XUNTA CENTRAL para as tropas de GALICIA.




A BATALLA EN PONTEVEDRA (ACTUAL PRAZA DE CURROS ENRÍQUEZ)

MOSAICO QUE SE ATOPA EN SEVILLA.



ILUSTRACIÓN : SERGIO CARRERA RODIÑO (12 anos)

1.809, 7 de Xuño

O Xeneral NEY sae de PONTEVEDRA de MADRUGADA, diríxese a PONTE SAMPAIO, é a gran ocasión da GRAN BATALLA, sobre a que se teñen escrito "mares de tinta" e quilómetros de papel... O PARTE OFICIAL escrito polo CONDE DE NOROÑA dirixido ó MARQUÉS DE LA ROMANA di así:

...coa fin de OBSERVAR ó INIMIGO e protexer VIGO, saíu CORONA con toda a DIVISIÓN e chegou a PONTE SAMPAIO, como a PONTE estaba cortada formaron axiña, aínda que "con traballo", unha PONTE con BARCAS, baixo a dirección de DON MARTÍN de la CARRERA, pasou o río e, ó rematar a operación chegou NEY coas súas tropas...

...A artillería estaba colocada polas alturas. Empezou o ataque ás NOVE DA MAÑÁ do día SETE de XUÑO e foise avivando ata ás TRES da TARDE ... nesa hora "caeu" enteiramente e as tropas, unhas retiráronse fóra do alcance e outras pasaron ó outro lado do río cara arriba tratando de atopar un sitio para Vadear a corrente.

1.809 Día 7 de xuño

Según o Diario de José María Ruibal.

...Ás sete e media din parte ó comandante CONCHA de que viña un home a cabalo entrou na PONTE e enseñou un PLEGO. Destacouse un bote con catro homes e un cabo que recolleron o plego, respeando o portador...

Viña de SANTIAGO e conducía forzas inimigas. Tamén traía unha PROCLAMA repartida por NEY ás súas tropas... Entre outras cousas dicía que ían CASTIGAR ós REBELDES do lugar e non quedaría... MÁIS CA TERRA e AUGA, todo debía ser DESTRUÍDO ofrecendo como premio todo o que atopasen no SAQUEO ...O día ERA FERMOSO, nin unha nube nin vapor algún empañaba a brillantez dun SOL PURO e ARDENTE. Pouco DESPOIS DAS DEZ gritei a CONCHA...

–¡Meu Comandante, o inimigo no Camiño Real!

–¿A que distancia?

–LONXE, non tardará menos de media hora en chegar á PONTE

–¿Que número?

–Calculei a vangarda; 4.000 INFANTES 20 pezas con MOITOS FURGÓNS CARROS e uns 500 CABALOS... Asoma outra división e direi o seu número cando a vexa toda.–



ILUSTRACIÓN : ANDREA GARCÍA TORREIRO

... Sobre ás DEZ e MEDIA apareceron entre as casas da ribeira oposta DOUS OFICIAIS cuns 40 HOMES que avanzaron pola PONTE ata a primeira cortadura. Os oficiais examinaron e mediron coa vista a súa extensión...

O retirarse oíuse a voz. ¡FOGO! Seguida dunha descarga... que derribou en terra a maior parte da avanzada inimiga, sucumbindo a restante á descarga doutra compañía. Ninun só quedou en pe para levar a noticia ó MARISCAL NEY.

O FOGO XENERALIZOUSE. OS MARIÑEIROS da miña batería introducían nos CANÓNS sobre a bala de a es unha palanqueta e sobre dela un saco DE METRALLA... Era tan VIOLENTO o ESTRONDO das dúas pezas que, a cada disparo sentía unha DOR INTENSA nos oídos. Á media hora, eu, e os meus tiradores, estabamos CASE XORDOS.

O vento éranos contrario e voltaba sobre nos, o noso fume e ó do inimigo. Preto do MEDIODÍA cesou e a atmósfera quedou NUNHA CALMA ABSOLUTA, unha intensa nube de fume levantouse sobre o río e envolveu ós combatentes dunha e outra veira, oscurecendo o sol...

Non era posible distinguir obxecto en que facer puntería e dirixíamos os nosos tiros ós parapetos en que percibíamos os do inimigo. ÁS DÚAS DA TARDE o vento disipou aquela nube horrible e deuse mellor dirección ós fogos por ambas partes.

Os principais ataques do inimigo dirixíanse Á PONTE según o tiro previsto O XEFE DA BRIGADA: MORILLO a quen lle foi DESTROZADO o sombreiro por unha bala de canón que llo levou da cabeza SEN CAUSARLLE LESIÓN algunha.

Entre ás CATRO e ás CINCO, O MARISCAL NEY desistiu dos seus ATAQUES á PONTE. REDOBLÁBAMOS, sobre a NOSA DEREITA no punto no que o río era máis ANGOSTO. Rechazado en tódalas partes, RETIROUSE ó ESCURECER e estableceu o seu campamento FORA do alcance da NOSA ARTILLERÍA AS LUMEIRADAS que acendían indicaban a súa disposición.

... As nosas tropas deixaron as TRINCHEIRAS para COMER e DESCANSAR. CONCHA e os seus oficiais comemos xuntos, como sempre e estivemos de CONVERSA ata ás DEZ cun humor TAN FESTIVO como si non tiveramos que soster outra BATALLA ó día seguinte...

1809, 8 de Xuño.

Moito despois do Toque de Diana formaron as Tropas de NEY e marcharon ó COMBATE. Pretendían desaloxarnos das nosas liñas cun fogo infernal de ARTILLERÍA. Pero atopáronnos máis pertinaces que a eles e lle contestabamos cun FOGO VIVO... Cerca do mediodía ... o fogo era HORROROSO... Dende as CATRO da tarde notamos gran desalento no ataque. A maior parte dos SEUS CAÑÓNS estaban inútiles. As súas CUREÑAS DESTROZADAS e os seus ARTILLEIROS XACÍAN DESPEDAZADOS e confundidos os seus membros ensangrentados con trozos de rodas. Aquelas COLUMNAS formidables pouco antes tan SOBERBIAS, xa non avanzaban senón á FORZA DE GRITOS e AMEAZAS dos seus XEFES e OFICIAIS. O ENTUSIASMO feroz EXTINGUIRANSE TOTALMENTE. Antes do ANOITECER RETIRÁRONSE ós seus campamentos levándose os MORTOS e FERIDOS e voltaron a prender LUMEIRADAS...




ILUSTRACIÓN: ALEJANDRO SEOANE VIDAL (11 años)

# 1.809, 9 de XUÑO

O RAIAR O ALBA do día 9 os tambores e cornetas anunciaron en toda a extensión da NOSA LIÑA a vida do NOVO DÍA. O descanso da noite non mellorara a MIÑA DISPOSICIÓN mandei colocar CESTÓNS nas TRONEIRAS e enchelos de TERRA.
Ás OITO E MEDIA avisei ó comandante CONCHA de que se acercaban á ponte tres COLUMNAS DE PAISANOS ARMADOS que descenderon DOS MONTES e encamiñábanse con precaución ó campamento francés. Presentáronse na ponte ÁS NOVE E MEDIA e enviáronselles unha lancha na que entraron algúns xefes e pasaron á nosa ribeira. Dixéronlle o XENERAL que observaron as PEGADAS DOS FRANCESES e que non lles queda a MENOR DÚBIDA de que se RETIRARAN a PONTEVEDRA e a ponte oposta estaba SEMENTADA de cachos de rodas, CUREÑAS, BRAZOS, PERNAS ENTRAÑAS E CABEZAS, máis non vían ningún cadáver enteiro e si a terra movida en varios paraxes, indicando longas zanxas para ENTERRAR os cadáveres...
... Catro cabaleiros viñan a dar conta da RETIRADA DOS FRANCESES.

## A LENDA DO CAÑÓN DE PAO

Conta o señor Pego Area que, cando os franceses invadiron Galicia, arrasando todo por onde pasaban, matando, queimando e destrozando... no ano de 1809, dous primos frades: P. XOÁN PEGO PONTEDELOS E P. ANTONIO ESCARIZ PEGO, con axuda dun capitán ou tenente, reclutaron ós paisanos que puideron en Cotobade e cercanías coa fin de lle facer fronte os franceses en PONTE SAMPAIO e reunidos cos paisanos do Sul da Ponte, CORTÁRONLLE O ÚLTIMO ARCO facendo unha barricada en fronte da Ponte e colocando nela un CAÑÓN feito dun CARBALLO PERFORADO e cargado de METRALLA, e construíron varios cañóns da mesma madeira dispoñendoos pola dehesa para facer retroceder ós franceses cando pretendesen vadealo río. Así preparados e parapetados esperan a que cheguen os franceses;

Chegan os franceses, entran na Ponte, atopan o arco cortado e, uns caen ó río, a outros os esnaquiza a metralla do canón que se dispara dende a barricada,

e os restantes tratan de vadealorio, entran na auga e, entón foi Troya: abren lume sobre eles os demais cañóns que estaban pola dehesa colocados con anterioridade e tamén se abre lume coa fusilería e as escopetas de chispa, de tal maneira que se lles deu a gran malleira ós franceses, algúns fuxiron en retirada cara Pontevedra, pero os paisanos esperaban agachados tralos valados e muros, "PARA SORPRENDELOS como a coellos..."

Don Xosé Vilas, natural de Cuntis, conta que lle escoitou á súa avoa Antonia e máis ó seu tío Xosé da Fonte, ambos contemporáneos da GUERRA DA INDEPENDENCIA, que os campesiños das terras cercanas a PONTE SAMPAIO, tiñan construído un CAÑÓN DE BUXO para defenderse contra os franceses.

Na casa de D. GREGORIO GARCÍA CORDEIRO, xuíz Merino de Cotobade, existiron dúas balas de ferro macizo que se dicía, eran das que se empregaran no cañón de pau. Delas unha estraviouse e outra, parece ser, que foi remitida a Pontevedra para ser conservada no MUSEO ARQUEOLÓXICO.

Esta lenda, pode ter certa base histórica, polo feito de que ós habitantes de Cotobade se lles coñece como os do CAÑÓN DE PAO. No mesmo selo oficial do Concello de Cotobade, aparece, no medio un cañón grabado, para perpetuar sen dúbida o privilexio que lle foi concedido polas CORTES DE CÁDIZ de poder empreñar no seu escudo trofeos DA GUERRA DE 1809




COTOBAD

Óscar

Óscar Díaz Suomela



Bañadeiros
Saleiras
Cavadiñas
Foxo
Ramallosa
VILABOA
Chan do Lase
Monte de Canicouva
Carballeira de Chans
Cavada del Pleis
CANICOUVA
San Esteban
Ponte
Puente Nuevo
Coto
Cruceiro de Cacheiro
Chan da Cruz
Vilar
Cacheiro
Remudiñas
Molinos
Rañadoiro
El Barral
Acebedo
El Cobo
Penduradas
Alto
La Fuente
PUENTE-SAMPAYO
Vado
Puente
La Landreira
Fontaiña
Isla de Castelo
Rio
Verdugo
TERMINO

# No 1º CENTENARIO, 1.909

... CORTEGOSO un patriota mona xenario contaba que ó divisar os primeiros soldados franceses os veciños acordaron enterrar as SÚAS ARCAS de CEDRO e CARBALLO co mellor dos seus enxoivales, antecolleron os seus gandos e, ó frente das súas mulleres, fillos e anciáns, marcharon por aqueles agrios e aruslados riscos ata o MONTE DE XUS TÁNS e TABOADELO...

Os franceses chegaron, tomaron posesión das vivendas cómo "a cousa máis normal do mundo", e, despois de encendido o lume, que en algunhas casas aínda o atoparon aceso puxéronse a preparar a comida. O viño o colleron na bodega do abade...

Pasados os primeiros medos, os grupos de Paisanos, aínda que mal armados lle facían tanto mal ós franceses que decidiron retirarse a PONTEVEDRA, onde tiñan o cuartel xeral.




ILUSTRACIÓN ALEJANDRO, SEOANE VIDAL (11 anos)

Pontevedra recibiu con ENTUSIASMO a CARRERA, MORILLO e ó CONDE de NOROÑA e moitos VECIÑOS ALISTÁRONSE e decidiron



voluntariamente seguir a BANDEIRA de ESPAÑA... para DEFENDER ó seu REY FERNANDO VII, a RELIXIÓN dos seus maiores, a PATRIA e os seus intereses particulares... (José Benito Esperón, 5 de outubro de 1809)

Os franceses NECESITABAN pasar pola PONTE para a realización dos seus plans POLÍTICOS e MILITARES e intentaron cruzar ó ANOITECER, e á hora da MAREA BAIXA, a marisma da VOLTA DO GELÓ, na desembocadura do RÍO NEGRO pero foron "ASADOS NA AUGA", (según CORTEGOSO) polos valentes defensores que se atopaban nos COTOS do lado oposto.

Ó día seguinte OS NOSOS replegáronse ás ladeiras da FORMIGA, que defende o repeito de GATAFIX, e, dende alí, BATIRON de novo e DETIVERON O AVANCE DO INIMIGO pola estrada, auxiliados por unha CAÑONEIRA destacada dun barco INGLÉS que cañoneaba dende PONTILLÓN e a BALLOTA.

Ó outro día seguiron os nosos REPLEGÁNDOSE paseniñamente, pero facendo MOITO DANO e permitindo que se preparase a DEFENSA DA PONTE, coas baterías da Lousada e do último dos coutos que están SOBRE e ENFRENTE

da súa saída e coa CORTADURA dos últimos ARCOS, na RIBEIRA ESQUERDA dos ríos OITAVÉN E VERDUXO:

...A famosa batalla deuse, a VICTORIA coroou os esforzos daqueles VALENTES PAISANOS e SOLDADOS, que se confundían no VALOR, na INTELIXENCIA e na DISCIPLINA; unha vez que se batiron sobre a MESMA GLORIOSA PONTE, outras DÚAS VECES, desenrolouse a ACCIÓN sobre as MARISMAS da DESEMBOCADURA, aproveitando a MAREA BAIXA... Os inimigos caeron no FANGO, na AUGA, na AREA, e sobre os PEÑASCOS que bordean a ribeira DEREITA da RÍA baixo un INFERNO DE LUME. Pero mans piadosas deron provisional ENTERRAMENTO os vencidos e mortos no CASTELO illa próxima no BAO. Nos anos seguintes, os mozos da aldea, ían, nas TARDES dos DÍAS DE FESTA a divertirse DESENTERRANDO.

**OSOS**, **MOCHILAS**, **SABLES**, anacos de **COIRO**, **BOTÓNS**...

Nos arquivos parroquiais do **PONTE SAMPAIO** non aparecen mortos do lugar nesta contienda, **NA PARROQUIA DE ARCADE** figuran varios asertos...




NA **ACTUALIDADE** ESTÁ COLOCADA NO **ADRO DA IGREXA** DE **SANTA MARÍA** DE **PONTE SAMPAIO**



MONUMENTO Ó$_S$ **HEROES DE PONTE SAMPAIO** EN **PONTEVEDRA**

# ÓS GALEGOS...!



Fragmento da carta escrita por EMILIA PARDO BAZÁN no CENTENARIO DA BATALLA.

...O CENTRO GALEGO de Madrid... acordou colocar unha LÁPIDA de MÁRMORE no sitio onde tivo lugar a ADMIRABLE EPOPEIA e un MONUMENTO EN PONTEVEDRA que recorde ós HEROES DE PONTE SAMPAIO

...O CENTRO GALEGO inicia con 1.000 pesetas unha subscripción de carácter público entre os galegos e amantes de Galicia...

FIRMADO:

A PRESIDENTA HONORARIA.

Condesa de PARDO BAZÁN...

EDUARDO VICENTI (Presidente efectivo)

(ORGANIZADORES DO 1º CENTENARIO)

# 6 de Decembro

## Día da constitución

**C**entos e centos de HEROES loitaron
**O**nte, agora e SEMPRE...
**N**a nosa GALICIA, na nosa ESPAÑA.
**S**entron o aceiro por NÓS, por
**T**er algunha ESPERANZA de
**I**ndependencia... CONSTITUCIÓN
**T**emos a OBRIGA de seguir
**U**NIDOS facendo ESFORZO.
**C**ONSTRUÍNDO entre todos.
**I**DEAS,
**O**PINIÓNS
**N**ecesarios para a

CONVIVENCIA COTIÁ






ALEGORÍA DA CONSTITUCIÓN DE 1978 ALUMNADO DO 6º CURSO

# Bibliografía:


— Historia de Galicia

Dirección: Ramón Villares
Faro de Vigo, XUNTA DE GALICIA (3)

— Historia Ilustrada de Pontevedra y su río.
—Faro de Vigo

— Historia de Ponte Sampaio.
(Asociación de Noseiros "Alvedosa")

— A Nosa Historia (tomos: 13, 14, 15)
A Nosa Terra
Asesoramento: Luís Obelleiro
Ilustracións: Pepe Carreiro

— O cañón de Paz
- Salustiano Portela Pasos.

— El Centinela
- Periódico del Bicentenario de la Guerra de la Independencia

FIXEMOS ESTE TRABALLO:

Jesús, Álvarez Rentes

Sergio, Carrera Rodiño

Óscar, Díaz Suomela

Andrea García Barreiro

Nerea Gómez Iglesias

Jessyca Ocampo Rodríguez

Sara Piertas Torres

Enrique Rey Seoane

Alejandro Seoane Vidal.

COORDINADORA: Sara García Fernández. (Titora do 6º curso do CEIP de Ponte Sampaio)

NOSO AGRADECEMENTO A: Avelino Cabaleiro

Curso: 2008-2009




ILUSTRACIÓN : ANDREA , GARCÍA BARREIRO

CEIP PONTE SAMPAIO (6º CURSO PRIMARIA) ANO: 2.009